

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

- 5368** *Real decreto lei 6/2015, do 14 de maio, polo que se modifica a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, se conceden varios créditos extraordinarios e suplementos de créditos no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas de carácter tributario.*

I

A Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, reúne no seu articulado a dimensión dual da actividade cinematográfica e audiovisual: se por unha parte pondera o seu valor cultural como expresión da creatividade, da identidade e da diversidade da nosa sociedade e do noso país, por outra dedica parte fundamental das súas previsións á ordenación dos recursos económicos privados e públicos que mobiliza como sector produtivo de crecente importancia estratéxica.

Nesta dimensión económica, a lei incide no réxime xurídico dos axentes implicados na industria (produción, distribución e exhibición), sen obviar a necesaria aplicación dos principios da libre competencia e a conseguinte limitación do impacto que a extensa batería de medidas de fomento que regula a propia lei pode producir na xeración do valor de mercado do produto cinematográfico e audiovisual. O factor cultural condiciona a regulación que a lei aproba para os diversos aspectos económicos propios da actividade cinematográfica e audiovisual, singularizándoa respecto doutros sectores económicos en que a presenza das políticas de estímulo e protección non é tan fundamental coma nesta.

Neste contexto, no cal existe fundamento para intervir normativamente nos elementos económicos desta actividade, fomentando o fortalecemento do tecido industrial, financiando o seu desenvolvemento ou facilitando a comercialización do produto cinematográfico e audiovisual, o lexislador debe buscar un necesario e permanente equilibrio que adapte as regras que encarreiran e fomentan a actividade cinematográfica aos cambios substanciais do ámbito económico e á propia actualización das regras xerais que o configuran. Son algúns deses cambios e o relato empírico da crise económica os que, transcorridos sete anos desde a súa entrada en vigor, xustifican a modificación da lei que agora se aproba e os que supuxeron a súa actualización recente.

Así, se o Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, actualizou e axustou a Lei do cinema ás exixencias da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, que exige unha avaliación e revisión permanente dos medios de intervención das administracións públicas para garantir o libre acceso ao mercado e a igualdade no exercicio das actividades económicas en todo o territorio nacional, e a Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, redeseñou o sistema de deducións para os investimentos en producións cinematográficas, a modificación que agora se aproba completa este proceso de adaptación nun dobre sentido.

Por unha parte, axústase o sistema de axudas á cinematografía e ao audiovisual á «Comunicación da Comisión sobre a axuda estatal ás obras cinematográficas e outras producións do sector audiovisual», publicada no «Diario Oficial de la Unión Europea» do 15 de novembro de 2013, principal instrumento normativo que actualmente ordena e limita os mecanismos excepcionais que a maior parte dos países europeos aprobaron para apoiar a industria do seu sector cinematográfico, en canto se poidan cualificar como axudas que afecten as regras da competencia ou distorsionen as regras do mercado interior.

Por outra, condicionada pola propia evolución da actividade cinematográfica e dos recursos públicos dispoñibles para apoiar o sector nos últimos anos, esta lei identifica e configura novos instrumentos de apoio ás políticas públicas de fomento e incentivo da

actividade cinematográfica. Se no escenario inmediatamente posterior á súa entrada en vigor, tanto o número de producións cinematográficas estreadas, en particular de longametraxes, como as propias dotacións das diferentes liñas públicas de axudas mantiveron unha liña ascendente permanente que se apoiou no ciclo expansivo da economía española e na redución dos custos de produción polo desenvolvemento tecnolóxico e pola dixitalización intensiva, nos últimos anos, porén, os resultados económicos agregados do sector expresan un retroceso exponencial paralelo á evolución da actividade económica xeral, ao tempo que as exixencias da consolidación fiscal impoñen unha revisión da eficacia e da eficiencia dos diferentes réximes de axuda administrados polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, así como da efectividade dos instrumentos que permiten a súa xestión.

Neste sentido, a modificación da lei que agora se aproba responde á exixencia de seguimento e adecuación das diferentes liñas de apoio e fomento que xa prevé o texto orixinal da lei na súa disposición adicional quinta, e que leva a manter agora no seu articulado as liñas de axuda preexistentes pero modifica as axudas á produción de longametraxes para empresas produtoras, as máis importantes desde o punto de vista da súa contía, mediante a introdución dunha nova liña de axudas anticipadas á produción de longametraxes que substitúe e elimina as axudas á amortización ata agora predominantes. Ademais, a lei busca mellorar a eficacia no uso dos recursos públicos dedicados ao fomento da cinematografía ao considerar a posibilidade de que as diferentes liñas de axudas queden configuradas como reembolsables para os supostos en que as actuacións financiadas obtivesen resultados positivos para os beneficiarios.

A nova liña de axudas á produción de longametraxes permitirá o financiamento progresivo das producións cinematográficas durante o seu desenvolvemento, eliminando as debilidades do sistema de amortización vixente ata agora que, ao estar configurado a través de axudas posteriores á estrea das películas e depender do número de espectadores e da recadación obtida, xerou importantes incertezas nas posibilidades de financiamento da produción de longametraxes e unha dependencia crítica dos produtores respecto dos créditos anuais aprobados para as axudas á amortización nos orzamentos xerais do Estado, que na práctica funcionaron máis como unha garantía para o financiamento dos custos das longametraxes que como instrumentos de fomento. Ademais, fronte ao automatismo das axudas á amortización, a concesión destas novas axudas anticipadas realizarase por aplicación de criterios obxectivos en cuxa determinación se atenderá, entre outros aspectos, á solvencia técnica do beneficiario, á viabilidade económica e financeira do proxecto, á súa difusión, á súa relevancia cultural española e europea, ao seu carácter innovador, así como ao impacto socioeconómico do investimento esperado en España.

Ademais destes cambios, a modificación da lei serve para introducir algunhas actualizacións e melloras técnicas relacionadas coa cualificación das películas, coa coordinación do sistema de axudas co novo réxime de incentivos fiscais e co réxime sancionador.

A extraordinaria e urxente necesidade na adopción destas disposicións modificativas da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, prodúcese pola concorrencia de tres factores que motivan a súa tramitación como real decreto lei.

En primeiro lugar, pola necesaria implantación e posta en funcionamento do novo sistema de financiamento das medidas de apoio á cinematografía desde o inicio de 2016, ante a práctica paralización do acceso das empresas produtoras aos mecanismos de obtención de crédito e financiamento que ata agora se soportaba na regularidade das axudas á amortización. Esta situación acentuou as debilidades estruturais do tecido industrial do sector cinematográfico español, lastrado polo pequeno tamaño das súas empresas, pola súa baixa produción media, pola súa subcapitalización crónica e polo conseguinte elevado grao de dependencia das axudas públicas e do financiamento de terceiros. E a consecuencia derivada deste enervamento do sector foi o acrecentamento dos problemas para a promoción nacional e internacional das películas producidas, que nos últimos anos aceleraron as taxas negativas na recadación media obtida por cada película, así como o descenso no número medio de espectadores, nun contexto cada vez

máis complexo para competir coas producións cinematográficas non europeas, apoiadas por unha industria moi potente tanto na produción coma na distribución das longametraxes. Coa implantación do novo modelo incídese nun dos elementos máis sensibles polo seu carácter estrutural e que de maneira máis eficaz pode contribuír a cambiar esta tendencia. A nova liña de axudas que desde 2016 se configura como o principal instrumento de fomento para a produción de longametraxes deseñouse para acompañar a produción desde os seus comezos, con proxección plurianual, e con mecanismos mellor adaptados ás necesidades de financiamento do sector e xuridicamente máis seguros, o que facilitará a aplicación máis rápida e eficiente dos recursos públicos en apoio dun sector en risco certo de colapso no desenvolvemento da súa actividade a curto prazo.

Por outra parte, a introdución das novas regras recollidas na «Comunicación da Comisión sobre a axuda estatal ás obras cinematográficas e outras producións do sector audiovisual», de novembro de 2013, exigen unha revisión dalgunha das condicións previstas na lei e que son inicialmente contraditorias co novo esquema de axudas do Estado ao sector. A modificación proposta axusta a lei a este novo esquema e permite que as medidas de fomento que se convoquen desde a súa entrada en vigor cumpran cos novos requisitos, especialmente aquelas que se estenden máis alá do prazo de adaptación normativa previsto pola Comisión europea e que finaliza o 15 novembro de 2015.

En último lugar, na liña das limitacións establecidas pola normativa da Unión Europea en materia de intensidade máxima de axudas á produción no sector cinematográfico, resulta imprescindible que os instrumentos que prevé a lei para controlar e coordinar a potencial aplicación simultánea dos incentivos fiscais, aprobados pola Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, e as subvencións da Lei do cinema, poidan aplicarse no período impositivo en que entrará en vigor o novo réxime tributario en materia de sociedades.

## II

O presente real decreto lei ten como segunda finalidade a concesión de varios créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado, en concreto no orzamento dos ministerios de Facenda e Administracións Públicas, do Interior, de Fomento, de Educación, Cultura e Deporte, de Industria, Enerxía e Turismo, de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e de Economía e Competitividade, e na Sección relativa a «Outras relacións financeiras con entes territoriais»:

En primeiro lugar, concédense créditos extraordinarios na sección 32 «Outras relacións financeiras con entes territoriais» por importe total de 168.563.730,78 euros, en aplicación do Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, para a concesión de subvencións destinadas ao financiamento de investimentos de varias comunidades autónomas.

Co Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, creáronse novos mecanismos que permiten compartir entre todas as administracións os aforros financeiros alcanzados polo Tesouro público, continuar apoiando as administracións con maiores dificultades de financiamento e impulsar aquelas que cumpriron cos obxectivos de estabilidade orzamentaria. Entre estes novos mecanismos está o compartimento Facidade financeira do Fondo para o Financiamento a Comunidades Autónomas.

Así mesmo, entre as medidas recollidas no dito real decreto lei, o ordinal terceiro da disposición adicional oitava establece que «o Goberno promoverá, dentro das dispoñibilidades orzamentarias, a concesión de incentivos ás comunidades autónomas que non estivesen adheridas ao Fondo de Liquidez Autonómico e que se adhiran ao compartimento Facidade financeira, e que cumpran cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda, co fin de que os menores recursos, consecuencia da devolución en 2015 das cantidades aprazadas polas liquidacións negativas do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común de 2008 e 2009, non supoñan unha menor capacidade de investimento destas comunidades».

O presente real decreto lei ten como finalidade establecer os elementos habilitantes necesarios para o desenvolvemento operativo de tales incentivos. A adhesión á Facidade financeira previuse como un mecanismo voluntario, logo de solicitude da comunidade autónoma, conforme o disposto no artigo 17 e na disposición adicional sexta do citado Real decreto lei 17/2014. Unha vez completado o prazo establecido para a solicitude da adhesión, constatouse que as comunidades autónomas beneficiarias son Galicia, La Rioja e Castilla y León, por seren as únicas que cumpren todos os requisitos establecidos nela.

O artigo 2 deste real decreto lei establece o incentivo para cada unha das comunidades autónomas citadas, consistente na subvención de capital polo importe das cotas de devolución correspondentes a 2015 das liquidacións negativas de 2008 e 2009 aprazadas ás citadas comunidades autónomas, que será destinada ao financiamento de investimentos da comunidade para que, deste modo, a dita devolución non supoña unha menor capacidade de investimento de tales comunidades, conforme o establecido na citada disposición adicional 8.3 do Real decreto lei 17/2014.

Para os efectos de poder dar cumprimento ao dito mandato, o artigo 2 habilita, mediante un crédito extraordinario por un importe total de 168.563.730,78 euros consignados na sección 32 «Outras relacións financeiras con entes territoriais» dos orzamentos xerais do Estado, as dotacións orzamentarias necesarias para a súa instrumentación, que se formalizarán mediante convenios de colaboración entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas beneficiarias.

A disposición adicional 8.3 do Real decreto lei 17/2014 fixouse como unha medida dirixida a aquelas comunidades autónomas que se adhiran á Facidade financeira. No momento da aprobación do real decreto lei non se coñecían as comunidades autónomas ás cales resultaría de aplicación, dado que o acceso á dita Facidade foi deseñado como un mecanismo de adhesión voluntaria baseado nas vantaxes financeiras que o seu propio esquema de funcionamento supón para as comunidades autónomas. Era necesario, polo tanto, que as comunidades solicitasen a adhesión ao mecanismo e que se verificase o cumprimento dos requisitos para esta.

No momento presente, unha vez realizados os procedementos de adhesión á Facidade financeira e despexada, en consecuencia, a incógnita das comunidades autónomas finalmente beneficiarias, non procede demorar máis a posta en marcha dos incentivos da disposición adicional 8.3; o seu pleno desenvolvemento a nivel operativo é imprescindible para poder dotar as administracións públicas implicadas da certeza xurídica e financeira necesaria que posibilite unha planificación financeira, tesoureira e orzamentaria máis eficiente, orientada ao cumprimento dos seus respectivos obxectivos de estabilidade, débeda e regra de gasto, e para a adopción, para isto, de decisións en ámbitos diversos que requiren, conforme principios de boa xestión financeira, unha marxe temporal ampla ao longo do exercicio orzamentario para a súa adecuada planificación e execución.

En segundo lugar, procédese á concesión dun suplemento de crédito por importe de 17.817.735.446,48 euros no orzamento do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co previsto no Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, e en aplicación do artigo 55 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

O Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, crea, no seu artigo 6.1, o Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas con natureza de fondo sen personalidade xurídica dos previstos no artigo 2.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, coa finalidade de garantir a sustentabilidade financeira das comunidades autónomas adheridas.

A disposición adicional quinta do citado real decreto lei establece unha achega patrimonial desde o orzamento do Estado ao Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas que se fixa para o ano 2015 en 38.869 millóns de euros. Esta cantidade foi cuberta parcialmente mediante unha transferencia de crédito por importe de 20.000 millóns de euros. Por outra parte, polo Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos

Económicos do 19 de febreiro de 2015 estableceuse que os recursos de 2014 procedentes das amortizacións das operacións de crédito concertadas polas comunidades autónomas con cargo ao Fondo de Financiamento de Pagamentos a Provedores 2, pendentes de ingreso no Tesouro público por importe de 1.051.264.553,52 euros, se destinen a financiar as operacións de crédito que se subscribirán coas comunidades autónomas en 2015, con cargo ao Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas, polo que as necesidades que se van financiar ascenden a 17.817.735.446,48 euros.

No Acordo do 19 de febreiro de 2015, da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, establécese a distribución dos recursos asignados ao compartimento Facilitade Financeira do Fondo, por un importe de 11.336,72 millóns de euros, entre as comunidades autónomas adheridas a el (Andalucía, Aragón, Illes Balears, Principado de Asturias, Canarias, Castilla y León, Extremadura, Galicia, Comunidade Foral de Navarra e La Rioja), segundo as súas necesidades financeiras, e a distribución dos recursos asignados ao compartimento Fondo de Liquidez Autonómico, por un importe de 17.605,43 millóns de euros, entre as adheridas a este (Cantabria, Castilla-La Mancha, Cataluña, Rexión de Murcia e Comunidade Valenciana), segundo as súas necesidades.

O calendario de pagamentos previstos por ambos os compartimentos ata o 30 de xuño incluído ascende a 18.455,07 millóns de euros. A esta cantidade é necesario engadirle o importe previsto por pagamentos previstos do compartimento Fondo Social ata o 30 de xuño incluído, que ascende a 623,08 millóns de euros. A suma de ambos os importes esgotaría practicamente, con data do 30 de xuño de 2015, a dotación asignada á aplicación orzamentaria 15.22.922N.877 «Acheга patrimonial ao Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas», mediante a transferencia de crédito, xa contabilizada por importe de 20.000 millóns de euros.

Así mesmo, está previsto que nos meses de xuño e decembro do presente exercicio se acorde a modificación dos recursos asignados aos ditos compartimentos ata o límite da achega patrimonial fixada na disposición adicional quinta do Real decreto lei 17/2014, por un importe total de 38.869 millóns de euros.

As razóns anteriormente expostas xustifican a urxente necesidade da aprobación deste suplemento de crédito mediante real decreto lei, de modo que se dote de forma inmediata a citada aplicación orzamentaria 15.22.922N.877 «Acheга patrimonial ao Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas», para atender as disposicións previstas no segundo semestre do exercicio 2015.

En terceiro lugar, concédese un crédito extraordinario por importe de 10.000.000 de euros no orzamento do Ministerio do Interior, destinado a potenciar os medios das unidades das forzas e corpos de seguridade do Estado dedicadas á loita antiterrorista.

O terrorismo internacional e, en particular, o terrorismo de corte xihadista constitúe na actualidade un dos azoutes máis serios contra o Estado de dereito e a democracia e contra a pacífica convivencia dos cidadáns.

Tras os últimos atentados de carácter xihadista perpetrados en zonas de conflito (Oriente e Oriente Próximo), así como en distintos países europeos e do norte de África, a ameaza terrorista agravouse considerablemente e tanto España coma os países da nosa contorna elevaron os niveis de alerta para potenciar a prevención e a loita contra este fenómeno.

Para combater a citada ameaza, neutralizar ou minimizar os riscos de accións criminais terroristas contra os nosos cidadáns e a atomización dos riscos, é preciso, entre outras actuacións, fortalecer as capacidades e os recursos dos servizos de información das unidades encargadas da seguridade do Estado, tanto para a prevención, protección e persecución como na preparación da resposta ante a posible continxencia criminal.

Nese contexto, considérase que se lle debe dar unha resposta urxente e inaprazable á necesidade de potenciación tecnolóxica e dos sistemas de información e comunicación das unidades citadas, de maneira que, á vista das características especiais que concorren nas células terroristas e nas súas conexións internacionais, sexa posible contrarrestar a súa elevada capacidade operativa.



En cuarto lugar, tamén se concede un crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Fomento por importe de 9.636.360,00 euros, con destino á Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (Sasemar) para o financiamento dos gastos extraordinarios derivados do afundimento do buque «Oleg Naydenov».

O marco xurídico español no ámbito do salvamento marítimo e protección do ambiente mariño, conformado tanto por normas de elaboración interna coma por normas de orixe internacional integradas no noso ordenamento polas canles descritas no artigo 96 da Constitución, determina que o Reino de España deberá adoptar as medidas que resulten necesarias para procurar un servizo de busca e salvamento marítimo e de protección do ambiente mariño adecuado e eficaz.

A loita contra a contaminación do medio mariño é un servizo público, de conformidade co previsto no artigo 264 do Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos e da mariña mercante, que dispón que o servizo público de loita contra a contaminación o prestarán a Administración xeral do Estado, así como as restantes administracións públicas competentes, de acordo co principio de coordinación.

No artigo 8 do Real decreto 452/2012, do 5 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura básica do Ministerio de Fomento e se modifica o Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, a Dirección Xeral da Mariña Mercante exerce as competencias atribuídas ao Ministerio de Fomento polo texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, entre outras, a dirección da prevención e loita contra a contaminación mariña procedentes de buques, así como a limpeza das augas mariñas.

Así mesmo, no artigo 6.6 do dito real decreto establécese que se encontra adscrita á Secretaría Xeral de Transporte, baixo a superior dirección do secretario de Estado, a entidade pública empresarial Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante.

De conformidade co artigo 268.1 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, á Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (Sasemar), creada pola Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e de mariña mercante, correspóndelle a prestación dos servizos públicos de salvamento da vida humana no mar e da prevención e loita contra a contaminación do medio mariño, a prestación dos servizos de seguimento e axuda ao tráfico marítimo, de seguridade marítima e da navegación, de remolque e asistencia a buques, así como a daqueles complementarios aos anteriores.

O 11 de abril de 2015 declarouse un incendio a bordo do buque factoría «Oleg Naydenov», de bandeira da Federación Rusa, que se encontraba amarrado no porto de Las Palmas. Unha vez postos a salvo os seus tripulantes, o buque foi remolcado ao sur da Punta Jandía (Fuerteventura) e posteriormente, unha vez que o lume deu signos de perder forza, regresou cara a Gran Canaria.

No entanto, o 12 de abril o pesqueiro ruso foi remolcado a alta mar por Salvamento Marítimo para evitar que o lume se propagase a outras naves, ante a constatación de que o incendio que se declarara no seu interior resultaba xa incontrolable.

As 1.490 toneladas de fuel que cargara o pesqueiro ruso «Oleg Naydenov» para saír do porto de La Luz e Las Palmas obrigaron a activar os protocolos anticontaminación en Canarias, tras afundirse o buque a quince millas (24 quilómetros) do sur de Maspalomas.

Ante esta situación, o 16 de abril de 2015 ditouse resolución de declaración de emerxencia polo sinistro do buque «Oleg Naydenov», co obxecto de activar coa maior urxencia posible a resposta ao subseguinte episodio de contaminación marítima.

A catástrofe do afundimento do buque «Oleg Naydenov» foi o accidente máis importante acaecido en España desde o afundimento do buque «Prestige», un suceso absolutamente excepcional e de gran magnitude, que está requirindo medidas excepcionais de contratación e utilización intensiva dos medios cos cales conta Sasemar para a realización das súas tarefas ordinarias. Cando se producen accidentes dunha grande entidade, o orzamento ordinario de Sasemar resulta insuficiente para financiar as ditas actuacións extraordinarias, tanto pola natureza dos recursos que cómpre financiar

como polo seu elevado custo, o que directamente se traduce nun incremento das necesidades de tesouraría que, dadas as circunstancias actuais, son moi axustadas.

En quinto lugar, concédese un suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte por importe de 16.000.000 euros, con destino ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, para incrementar o Fondo de Protección á Cinematografía.

A Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, establece que corresponden ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA), a promoción e o fomento da produción, distribución e exhibición de obras cinematográficas e audiovisuais e o establecemento das condicións que favorezan a súa creación e difusión.

Así mesmo, a citada Lei 55/2007 establece diversas medidas de fomento, entre as cales se encontran, no artigo 26 da norma, as axudas á amortización de longametraxes, que teñen como beneficiarias as empresas produtoras con nacionalidade española e cuxo obxecto é a amortización do custo de produción das películas, así como incentivar a súa comercialización, intentando incrementar a cota de mercado de cinema español e manter un volume de produción.

Neste contexto, o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA) colabora co Instituto de Crédito Oficial no ámbito da produción cinematográfica, a través da formalización de convenios de colaboración anuais, coa finalidade de establecer unha liña de mediación dirixida ao financiamento de proxectos de investimento en producións cinematográficas de longametraxes.

A conexión entre ambos os instrumentos de financiamento prodúcese porque os beneficiarios das axudas á amortización quedan obrigados a destinar o seu importe á amortización dos préstamos obtidos ao abeiro da liña ICO-ICAA.

Por outra parte, a Sociedade de Garantía Recíproca «Audiovisual, S.G.R.», participada nun 45 por 100 polo ICAA, ten por finalidade apoiar a industria audiovisual e o sector dos contidos de carácter cultural ou de ocio no financiamento e desenvolvemento dos seus proxectos, facilitando o acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, mellorando as súas condicións de financiamento, a través da prestación de avais ante bancos, caixas de aforro e outras entidades de crédito e prestando, así mesmo, servizos de asistencia e asesoramento financeiro. Esta entidade avala ou presta outro tipo de garantías a un elevado número das operacións acollidas aos convenios formalizados polo ICO e polo ICAA para a produción cinematográfica.

O custo da convocatoria de axudas á amortización de 2014, correspondente ás longametraxes estreadas en 2012, foi de 53,2 millóns de euros. Para atender este gasto foron necesarios diversos incrementos na dotación do Fondo, que se situou finalmente en 56 millóns de euros.

A convocatoria de 2015, correspondente ás longametraxes estreadas en 2013, sumada ao custo das restantes liñas de axudas que se conceden a través do Fondo de Protección, supón un custo total estimado de 53 millóns de euros fronte a unha dispoñibilidade actual orzamentaria de 36,6 millóns, cifra que non permitiría conceder ás ditas longametraxes estreadas no ano 2013 as contías que confían en que percibirán as empresas produtoras.

No entanto, as ditas empresas están obrigadas a amortizar no presente exercicio os préstamos solicitados no seu día na lexítima confianza de que no ano 2015 percibirían o importe total que, por aplicación dos criterios automáticos que rexen estas axudas, lles corresponde percibir ás longametraxes sen teren que asumir o pagamento dos xuros derivados dos ditos préstamos.

As razóns de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a concesión dos presentes suplementos de crédito nos orzamentos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais estriban nos efectos negativos que tería na industria cinematográfica a non convocatoria inmediata das axudas á amortización das longametraxes estreadas ao longo do ano 2013 polo importe indicado, xa que gran parte das empresas produtoras iniciaron a súa produción nun marco normativo que nese momento lles permitía obter financiamento externo, no cal actuaba como garantía a concesión da axuda. Polo tanto, de non se producir a convocatoria na contía

prevista, xeráraselles un quebrantamento financeiro que levaría ao peche de moitas delas e poría en grave risco un sector industrial de grande importancia cultural e xerador dun gran número de postos de traballo.

En sexto lugar, concédese un crédito extraordinario por importe de 225.000.000 de euros no orzamento do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo para financiar ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) a oitava convocatoria de axudas do Programa de incentivos ao vehículo eficiente (PIVE 8).

O Goberno valora moi positivamente os efectos do Programa de incentivos ao vehículo eficiente (programa PIVE), polo que considera necesaria a súa continuidade, dados os resultados favorables que se están obtendo en termos de mellora da balanza comercial, de xeración de actividade económica no sector do automóbil e industrias auxiliares e noutros ligados a este (comercialización, seguros ou financiamento de bens de equipamento) e, ademais, en termos de creación ou mantemento dos niveis de emprego. Os impactos das cinco convocatorias do programa (PIVE, PIVE-2, PIVE-3, PIVE-4, PIVE-5, PIVE-6 e PIVE-7) son tamén moi importantes en termos ambientais, por redución de emisións de CO<sub>2</sub> e contaminantes.

O procedemento de concesión directa de subvencións do Programa de incentivos ao vehículo eficiente (PIVE-7) foi aprobado mediante o Real decreto 124/2015, do 27 de febreiro. O artigo 3.1 deste real decreto asignou un orzamento de 175 millóns de euros para o programa, e o artigo 7 estableceu os seus efectos a partir do día seguinte ao da data da súa publicación no Boletín Oficial del Estado (que se produciu o 28 de febreiro de 2015), que finalizaría doce meses despois desta data ou, se ocorría antes, cando se esgotase o mencionado orzamento dispoñible. Por outra parte, o artigo 3 do real decreto estableceu tamén, por un lado, que, no caso de existiren remanentes no PIVE-6, se incorporarían ao PIVE-7 e que, en calquera caso, se consideraría esgotado o orzamento dispoñible habilitado para a execución do programa cando se efectuase a última reserva de orzamento que totalizase o importe correspondente a este. Ademais, estableceu que as reservas de orzamento activadas provisionalmente sobre a base da aplicación do Real decreto 525/2014, do 20 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións do PIVE-6 e rexistradas na aplicación informática habilitada para o efecto ata a data de publicación do Real decreto 124/2015, serán atendidas coa correspondente cobertura orzamentaria do PIVE-7, sempre que cumpran todos os requisitos exixidos no Real decreto 525/2014, do 20 de xuño.

Neste contexto, a boa acollida dos programas PIVE-6 e PIVE-7 motivou que a dotación de 175 millóns de euros e dos remanentes correspondentes aos programas PIVE anteriores non fosen suficientes para manter a súa vixencia durante os doce meses inicialmente previstos, xa que, con data do 10 de abril de 2015, se efectuou a última reserva de orzamento, o que implica a finalización da vixencia do programa.

Dado que a supresión dos programas PIVE tería un efecto negativo para o mercado do automóbil que se considera necesario evitar, o Goberno optou por establecer unha oitava convocatoria do programa (PIVE-8) que se enmarcaría no Plan de acción de eficiencia enerxética 2014-2020. O procedemento de concesión das subvencións acollidas ao dito programa PIVE-8 será establecido conforme o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

En canto ao financiamento do orzamento destas axudas, dado que no momento de adopción da medida non se dispón de crédito suficiente e adecuado nos actuais orzamentos xerais do Estado, resulta necesaria a súa habilitación mediante a concesión dun crédito extraordinario.

As razóns de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a concesión do crédito extraordinario mediante real decreto lei veñen constituídas pola necesidade de non demorar o aboamento das mencionadas axudas para conseguir a continuidade dos beneficios descritos.

En sétimo lugar, concédense créditos extraordinarios por importe total de 50.185.000 euros no orzamento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para atender necesidades derivadas da situación de seca nas bacías hidrográficas do Xúcar e do Segura.



As difíciles e adversas condicións climáticas sufridas no último ano nalgúns zonas da xeografía española deron como resultado que algunhas bacías hidrográficas presenten acusados problemas para a subministración de auga, tanto para os abastecementos a poboacións coma para as explotacións agrícolas e gandeiras, polo que cómpre adoptar determinadas medidas urxentes para paliar os efectos da seca existente.

Así, na Demarcación Hidrográfica do Xúcar, o pasado ano hidrolóxico 2013/2014 foi extremadamente seco desde o punto de vista da meteoroloxía. Lonxe de mellorar no presente ano hidrolóxico, o escaso nivel de precipitacións foise prolongando no tempo, polo que se corre o risco de que a situación chegue a facerse insustentable de non tomar medidas de forma inmediata.

O Plan especial de seca da Confederación Hidrográfica do Xúcar foi e é eficaz na detección de situacións de escaseza e permitiu activar con suficiente antelación a posta en marcha programada de actuacións de xestión encamiñadas á prevención e mitigación dos seus impactos para minimizar a deterioración do dominio público hidráulico.

Non obstante, segue sendo necesaria a adopción de medidas urxentes que axuden a superar as consecuencias da seca, o que require habilitar créditos por un importe de 20.185.000 euros.

Pola súa parte, na Demarcación Hidrográfica do Segura, a situación hidrolóxica en que se encontran os aproveitamentos vinculados ao transvasamento Texo-Segura e a cabeceira do Texo, como consecuencia da falta de precipitacións durante o pasado ano hidrolóxico, ocasiona que na actualidade non se encontren garantidas as demandas de auga na citada demarcación.

Este feito veu agravar o déficit de recursos que existe na bacía do Segura, dificultando a consecución dos obxectivos ambientais para as distintas masas de auga nos prazos previstos no Plan hidrolóxico.

Os investimentos que se van realizar requiren dotar créditos por importe de 30.000.000 euros.

As obras e actuacións que se van levar a cabo en ambas as demarcacións considéranse imprescindibles para paliar a situación de necesidade de recursos hídricos e para a mellor distribución dos existentes.

Por último, en oitavo lugar, concédense suplementos de crédito no orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade por importe de 95.649.809,01 euros para a realización de actuacións enmarcadas no Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación.

A Estratexia e o Plan de ciencia, tecnoloxía e innovación teñen como obxectivos o recoñecemento e a promoción do talento de I+D+i e a súa empregabilidade, o impulso do liderado empresarial en I+D+i, o fomento da investigación científica e técnica de excelencia e o fomento de actividades de I+D+i orientadas a resolver os retos globais da sociedade.

A Estratexia española de ciencia, tecnoloxía e innovación 2013-2020 contén os obxectivos, as reformas e as medidas que se deben abordar en todo o ámbito da I+D+i para potenciar o seu crecemento e impacto, e supoñen un importante paso para a construción do Espazo Europeo de Investigación e de Innovación.

Pola súa banda, o Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación 2013-2016 constitúe o instrumento mediante o cal a Administración xeral do Estado desenvolve os obxectivos da Estratexia e representa un importante esforzo de simplificación que deberá permitir facilitar a xestión e as relacións cos cidadáns, cubrindo as actuacións da totalidade dos aspectos necesarios para garantir, contando cos niveis adecuados de financiamento, a sustentabilidade do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación.

Os programas anuais de actuación son o instrumento de actualización continua do Plan estatal durante o seu período de vixencia, razón pola cal recollen a relación de actuacións e convocatorias que se poñen en marcha anualmente a través do calendario previsto de convocatorias públicas, con indicación dos prazos de presentación e de resolución das propostas, así como dos organismos de xestión, previsión de novos convenios, desenvolvemento de acordos e outras actuacións.

No marco do Programa anual de actuación 2015, a Dirección Xeral de Investigación Científica e Técnica e a Dirección Xeral de Innovación e Competitividade, dependentes da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Ministerio de Economía e Competitividade, teñen previsto publicar en 2015 as convocatorias en concorrencia competitiva e ditar resolución de concesión en 2015 e seguintes.

Así mesmo, cómpre reanualizar determinadas axudas de convocatorias anteriores para achegar o calendario de pagamentos das axudas ao de gastos programados da actuación e así axustar a duración dos proxectos ás anualidades realmente necesarias para lograr os obxectivos científicos e técnicos perseguidos.

A publicación de convocatorias, así como a realización doutras actividades de I+D+i e a reanualización de anteriores convocatorias, é urxente, xa que se debe garantir a sustentabilidade do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación e se consideran inaprazables para manter o nivel de I+D+i, como corresponde a un dos países que aspira a ser un dos máis avanzados dentro da Unión Europea e de cara a poder acceder nas mellores condicións aos fondos europeos como Horizonte 2020 (H2020), e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

As necesidades de crédito para atender o custo destas actuacións en materia de I+D+i durante o ano 2015 cifranse en 95.649.809,01 euros.

### III

En materia tributaria, modifícase a normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas establecendo, en determinados supostos, melloras no tratamento fiscal para os contribuíntes afectados pola comercialización de débeda subordinada e de participacións preferentes.

En relación co imposto sobre a renda das persoas físicas, tendo en conta o impacto social que tivo a comercialización de débeda subordinada e de participacións preferentes, establécense dúas regras, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013, destinadas a evitar posibles prexuízos por motivos fiscais para os contribuíntes afectados polos acordos ou polas sentenzas que resollen as controversias sobre esta materia.

Así, en primeiro lugar establécense unhas regras opcionais especiais de cuantificación das rendas que se poidan pór de manifesto como consecuencia de acordos celebrados coa finalidade de resolver ou evitar as controversias derivadas da comercialización de débeda subordinada e de participacións preferentes. Estas regras teñen por finalidade permitir computar un único rendemento do capital mobiliario, que será negativo na maioría dos casos, pola diferenza entre a compensación percibida polo contribuínte e o investimento realizado, deixando sen efectos fiscais as operacións intermedias de recompra e subscripción ou troca de valores e, de ser o caso, a transmisión dos valores recibidos.

En calquera caso, o contribuínte poderá aplicar as regras xerais do imposto, dando a cada unha das operacións realizadas o tratamento que proceda.

Por outra parte, a existencia de múltiples sentenzas que declararon a nulidade dos contratos de débeda subordinada ou de participacións preferentes determinou a procedencia de posibilitar a solicitude da rectificación das autoliquidacións correspondentes ao imposto sobre a renda das persoas físicas e obter a devolución de ingresos indebidos correspondentes, de forma extraordinaria e limitada aos rendementos derivados de tales contratos, malia ter podido prescribir o dereito a solicitar a devolución.

Tendo en conta que as modificacións incluídas no ámbito do imposto sobre a renda das persoas físicas afectan a declaración do imposto correspondente ao exercicio 2014, cuxo prazo de presentación xa se iniciou, resulta necesaria a súa aprobación con carácter inmediato. Por tal motivo, concorren circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade.

### IV

O texto do real decreto lei complétase con tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria e tres disposicións derradeiras.

A disposición adicional primeira refírese á concesión directa de axudas extraordinarias á amortización de longametraxes estreadas en 2012.

Na disposición adicional segunda procédese á declaración de emerxencia dos traballos, reparacións e restauracións que procedan para evitar as emisións de hidrocarburos derivadas do accidente do buque «Oleg Naydenov», así como as obras e actuacións relacionadas coa seca.

Na disposición adicional terceira establécese excepcionalmente unha limitación temporal sobre a cesión de dereitos ao uso privativo de augas na Demarcación Hidrográfica do Segura.

Mediante a disposición transitoria única establécese un réxime transitorio das axudas para a amortización de longametraxes.

Por último, a disposición derradeira primeira introduce modificacións en materia de persoal na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015. As outras dúas disposicións derradeiras refírense, respectivamente, ao desenvolvemento regulamentario e á entrada en vigor do real decreto lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta dos ministros de Facenda e Administracións Públicas e de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado no relativo ao capítulo II, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de maio de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### **Modificación da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema**

#### **Artigo 1. Modificación da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.**

A Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 8 e engádese un novo número 3 coa seguinte redacción:

«2. Para os efectos do disposto no artigo 7.6 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, cando se trate de películas cinematográficas ou doutras obras audiovisuais que fosen cualificadas polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais ou polo órgano competente das comunidades autónomas, atenderase ás cualificacións así obtidas.

3. Regulamentariamente poderá establecerse o réxime aplicable aos avances das películas cinematográficas así como á súa participación en festivais, que poderá exceptuar o réxime xeral de cualificación previa nos termos que se establezan.»

Dous. O número 1 do artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«1. As cualificacións que obtivesen as películas cinematográficas e demais obras audiovisuais en España, de acordo coa obriga de cualificación establecida no artigo anterior, deben facerse chegar a coñecemento do público a título orientativo. Os que leven a cabo actos de comercialización, distribución, comunicación pública, publicidade, difusión ou divulgación por calquera medio destas obras serán os responsables de que nos ditos actos conste a cualificación outorgada de maneira que resulte claramente perceptible para o público. Inclúense expresamente as empresas que presten servizos de vídeo baixo demanda ou os titulares de sitios web, incluídos os que ofrecen listaxes ordenadas e clasificadas de enlaces a outros sitios web ou servidores onde se aloxen as obras cinematográficas ou audiovisuais. Para estes efectos, os obrigados deberán conseguir dos titulares dos dereitos de distribución a información sobre a cualificación que corresponda á obra. Determinaranse regulamentariamente os requisitos que poidan ser exhibibles para este fin.»

Tres. Os números 2 e 3 do artigo 20 quedan redactados do seguinte modo:

«2. Desenvolverase regulamentariamente o réxime de axudas estatais previstas na lei, que incluíra nas súas bases reguladoras as especialidades para a súa concesión, adecuadas ás características do sector a que van destinadas.

En particular, as axudas poderanse configurar como reembolsables total ou parcialmente, segundo os resultados acadados na execución das respectivas actuacións e nos termos que establezan as correspondentes bases reguladoras.

3. Co fin de velar polo cumprimento dos requirimentos en materia de competencia e intercambios comerciais na Unión Europea, as bases reguladoras das medidas de apoio deberán respectar os límites fixados polas autoridades europeas, en particular cando se concreten obrigas de gasto no territorio e porcentaxes de intensidade máxima das axudas, que en todo caso se calcularán tendo en conta o importe total das concedidas por calquera Administración pública.

De acordo co artigo 108.3 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, as bases reguladoras que superen os límites previstos na normativa comunitaria pola cal se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior serán notificadas á Comisión Europea co obxecto de verificar a súa compatibilidade co mercado interior europeo.»

Catro. Engádense un novo número 3 ao artigo 21 nos seguintes termos:

«3. O importe das deducións aplicadas por incentivos fiscais xunto co das axudas recibidas non poderá superar a porcentaxe de intensidade máxima establecida neste capítulo para cada unha das liñas de axuda. O Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais verificará en calquera momento e ata o cumprimento do prazo previsto no artigo 39 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, que as producións beneficiarias das axudas non superan estas porcentaxes. A superación do seu límite será causa de reintegro ou de redución das axudas concedidas ata o importe máximo financiable.

A Axencia Estatal de Administración Tributaria e o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais establecerán, nos termos sinalados na normativa tributaria, os oportunos mecanismos de colaboración dirixidos ao intercambio da información necesaria para efectos do control da intensidade máxima das axudas que percibirá cada produción, cuxa identificación corresponderá ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.»

Cinco. Modifícanse os números 3 e 4 do artigo 24 e engádense os novos números 5 e 6 coa seguinte redacción:

«3. Para optaren a estas axudas, as empresas produtoras deberán acreditar documentalmente o cumprimento de cantas obrigas contraesen co persoal creativo, artístico e técnico, así como coas industrias técnicas, da última película da mesma empresa produtora que recibise axuda estatal ou, no caso das curtametraxes realizadas, da que se presente á dita axuda.

4. O total da contía das axudas previstas nesta sección non poderá superar o 50 por 100 do orzamento de produción, excepto nas producións transfronteirizas financiadas por máis dun Estado membro da Unión Europea e nas cales participen produtores de máis dun Estado membro, en que o total das axudas poderá acadar o 60 por 100 do orzamento de produción.

De acordo coas disposicións da Unión Europea nesta materia, exceptúanse da aplicación destes límites as producións que teñan a consideración de obra audiovisual difícil.

5. O fomento da produción establecido nesta sección poderase completar mediante a concesión doutras axudas ás empresas produtoras no ámbito das políticas públicas de fomento e incentivos á cinematografía e ao audiovisual.

6. Unha mesma obra audiovisual só poderá ser beneficiaria dunha das liñas de axuda reguladas nesta sección.»

Seis. Modifícanse o título e o número 4 do artigo 25 coa seguinte redacción:

«Artigo 25. *Axudas selectivas para a produción de longametraxes sobre proxecto.*»

4. As axudas sobre proxecto serán intransmisibles.»

Sete. O artigo 26 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 26. *Axudas xerais para a produción de longametraxes sobre proxecto.*

1. Poderanse conceder axudas anticipadas para o financiamento do custo da produción de proxectos de longametraxe de empresas produtoras mediante a aplicación de criterios obxectivos, para cuxa determinación se atenderá, entre outros aspectos, á viabilidade económica e financeira do proxecto, á difusión, á solvencia técnica do beneficiario, á relevancia cultural española e europea, ao carácter innovador do proxecto, así como ao impacto socioeconómico do investimento en España. Os criterios obxectivos permitirán a baremación das solicitudes presentadas e a fixación do importe da subvención.

2. As bases reguladoras poderán determinar que o pagamento das axudas se realice mediante sucesivos pagamentos anticipados, que se poderán estender en varios exercicios orzamentarios e que responderán ao ritmo de execución que nelas se determine. Cando se prevexa este sistema de pagamento, as bases establecerán as porcentaxes que, con respecto ao importe total da axuda, corresponderán a cada unha das fases de execución.

3. A introdución de cambios substanciais sobre os proxectos aprobados deberá ser notificada, para a súa autorización, ao órgano concedente, que poderá revogar a axuda no caso de que non se cumpra con tal obriga.»

Oito. Suprímese o número 2 do artigo 27.

Nove. O número 3 do artigo 28 queda redactado do seguinte modo:

«3. Os plans de distribución e promoción das películas axustaranse aos ámbitos territoriais e ás condicións que se establezan nas correspondentes bases reguladoras das axudas.»

Dez. Modifícase a alínea c) do artigo 39.3 e engádese unha nova alínea f) coa seguinte redacción:

«c) Os incumprimentos, por acción ou omisión, do previsto no artigo 9.1, relativo á obriga de pór en coñecemento do público a cualificación das películas e obras audiovisuais, así como os incumprimentos relativos aos requisitos adicionais que se exixan regulamentariamente.

f) Os incumprimentos do previsto no artigo 15.4, relativo ás proxeccións cinematográficas de carácter gratuito ou con prezo simbólico que efectúen as administracións públicas.»

## CAPÍTULO II

### Créditos extraordinarios e suplementos de crédito

**Artigo 2.** *Aplicación da disposición adicional 8.3 do Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro.*

En aplicación do establecido no número 3 da disposición adicional oitava do Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, a Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, concederalles en 2015 ás comunidades autónomas de Galicia, Castilla y León e



La Rioja, unha vez adheridas á Facilitade financeira do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas, subvencións para o financiamento dos seus investimentos que se instrumentarán preferentemente mediante convenios de colaboración por un importe total de 168.563.730,78 euros, co detalle que se recolle a continuación: Galicia, 84.806.953,08 euros; Castilla y León, 73.873,333,18 euros, e La Rioja, 9.883.444,52 euros.

**Artigo 3.** *Concesión dun crédito extraordinario na sección 32 «Outras relacións financeiras con entes territoriais».*

1. Para posibilitar a efectividade do disposto no artigo 1 anterior, concédense créditos extraordinarios por importe total de 168.563.730,80 euros no orzamento da sección 32 ««Outras relacións financeiras con entes territoriais», servizo 01 «Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local. Comunidades autónomas», programa 9100 «Outras transferencias a comunidades autónomas», capítulo 7 «Transferencia de capital», artigo 75 «A comunidades autónomas», co seguinte detalle:

Concepto	Denominación	Importe (€)
752	Á Comunidade Autónoma de Castilla y León para investimentos (disposición adicional oitava do RDL 17/2014) . . . . .	73.873.333,18
757	Á Comunidade Autónoma de Galicia para investimentos (disposición adicional oitava do RDL 17/2014). . . . .	84.806.953,08
758	Á Comunidade Autónoma de La Rioja para investimentos (disposición adicional oitava do RDL 17/2014). . . . .	9.883.444,52
	Total . . . . .	168.563.730,78

**Artigo 4.** *Concesión dun suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.*

Para atender ao cumprimento do establecido na disposición adicional quinta do Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, concédese un suplemento de crédito no orzamento da sección 15 «Ministerio de Facenda e Administracións Públicas», servizo 22 «Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local», programa 922N «Coordinación e relacións financeiras cos entes territoriais», capítulo 8 «Activos financeiros», artigo 87 «Achegas patrimoniais», concepto 877 «Achega patrimonial ao Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas», por importe de 17.817.735.446,48 euros.

**Artigo 5.** *Concesión dun crédito extraordinario no orzamento do Ministerio do Interior.*

1. Para a realización de investimentos destinadas á loita antiterrorista concédese un crédito extraordinario no orzamento da sección 16 «Ministerio do Interior», servizo 02 «Secretaría de Estado de Seguridade», programa 132A «Seguridade cidadá», capítulo 6 «Investimentos reais», artigo 62 «Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos», concepto 621 «Para potenciación dos medios das unidades das forzas e corpos de seguridade do Estado dedicadas á loita antiterrorista», por importe de 10.000.000 euros.

**Artigo 6.** *Concesión dun crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Fomento.*

Concédese un crédito extraordinario no orzamento da sección 17 «Ministerio de Fomento», servizo 32 «Dirección Xeral da Mariña Mercante», programa 497M «Salvamento e loita contra a contaminación no mar», concepto 443 «A Sasemar para gastos derivados do afundimento do Oleg Naydenov», por importe de 9.636.360,00 euros.

**Artigo 7.** *Concesión dun suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.*

Concédesse un suplemento de crédito no orzamento da sección 18 «Ministerio de Educación, Cultura e Deporte», servizo 09 «Secretaría de Estado de Cultura», programa 000X «Transferencias internas», concepto 415 «Ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais. Dotación do Fondo de Protección da Cinematografía», por importe de 16.000.000 de euros.

**Artigo 8.** *Modificación do orzamento de ingresos e concesión dun suplemento de crédito no orzamento do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.*

1. O suplemento de crédito que se concede no artigo anterior ocasionará un incremento no orzamento de ingresos do organismo autónomo 18.103 «Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais», na aplicación orzamentaria 18.103.400.01 «Do departamento a que está adscrito. Fondo de Protección á Cinematografía», por un importe de 16.000.000 euros.

2. Autorízase un suplemento de crédito no orzamento de gastos do organismo autónomo 18.103 «Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais», programa 335C «Cinematografía», concepto 470 «Fondo de Protección á Cinematografía», por importe de 16.000.000 euros.

**Artigo 9.** *Concesión dun crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.*

Concédesse un crédito extraordinario no orzamento da sección 20 «Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo», servizo 18 «Secretaría de Estado de Enerxía», programa 425A «Normativa e desenvolvemento enerxético», capítulo 7 «Transferencias de capital», artigo 74 «A sociedades, entidades públicas empresariais, fundacións e resto de entes do sector público», concepto 746 «Ao IDAE para o Programa de incentivos ao vehículo eficiente (PIVE-8)», por importe de 225.000.000 euros.

**Artigo 10.** *Concesión de créditos extraordinarios no orzamento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.*

Para atender necesidades derivadas da situación de seca nas bacías hidrográficas do Xúcar e do Segura concédense os seguintes créditos extraordinarios:

No orzamento da sección 23 «Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente», servizo 05 «Dirección Xeral da Auga», programa 000X «Transferencias internas», capítulo 7 «Transferencias de capital», artigo 71 «A organismos autónomos», concepto 711 «Ás confederacións hidrográficas para actuacións relacionadas coa seca», subconcepto 711.00 «Confederación Hidrográfica do Xúcar», por importe de 20.185.000 euros.

No orzamento da sección 23 «Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente», servizo 05 «Dirección Xeral da Auga», programa 000X «Transferencias internas», capítulo 7 «Transferencias de capital», artigo 71 «A organismos autónomos», concepto 711 «Ás confederacións hidrográficas para actuacións relacionadas coa seca», subconcepto 711.01 «Confederación Hidrográfica do Segura», por importe de 30.000.000 euros.

**Artigo 11.** *Modificación dos orzamentos das confederacións hidrográficas do Xúcar e do Segura.*

Os créditos extraordinarios a que se refire o artigo anterior financiarán créditos extraordinarios nos orzamentos das confederacións hidrográficas do Xúcar e do Segura nos seguintes termos:

Organismo 23.107: Confederación Hidrográfica do Xúcar:

INGRESOS

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
23.107.702	Do departamento a que está adscrito para actuacións relacionadas coa seca . . . . .	20.185.000

GASTOS

*Créditos extraordinarios*

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
23.107.452A.602	Para actuacións relacionadas coa seca . . . . .	9.590.000
23.107.452A.612	Para actuacións relacionadas coa seca . . . . .	10.595.000

Organismo 23.109: Confederación Hidrográfica do Segura:

INGRESOS

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
23.109.702	Do departamento a que está adscrito para actuacións relacionadas coa seca . . . . .	30.000.000

GASTOS

*Créditos extraordinarios*

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
23.109.452A.602	Para actuacións relacionadas coa seca . . . . .	23.000.000
23.109.452A.612	Para actuacións relacionadas coa seca . . . . .	7.000.000

**Artigo 12.** *Concesión de suplementos de crédito no orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade.*

Para a realización de convocatorias públicas no marco do Programa anual de actuación de 2015, outras actuacións en materia de I+D+i e reanualización de convocatorias anteriores concédense os seguintes suplementos de crédito:

No orzamento da sección 27 «Ministerio de Economía e Competitividade», servizo 13 «Dirección Xeral de Investigación Científica e Técnica», programa 463B «Fomento e coordinación da investigación científica e técnica», concepto 780 «Fondo Nacional para a Investigación Científica e Técnica» por importe de 90.743.109,19 euros.

No orzamento da sección 27 «Ministerio de Economía e Competitividade», servizo 14 «Dirección Xeral de Innovación e Competitividade», programa 467C «Investigación e desenvolvemento tecnolóxico-industrial», concepto 775 «Apoio á investigación, ao desenvolvemento tecnolóxico e á innovación no sistema CTE (Ciencia-Tecnoloxía-Empresa)» por importe de 4.906.699,82 euros.

**Artigo 13.** *Réxime de xestión dos suplementos de crédito no orzamento do «Ministerio de Economía e Competitividade».*

Os suplementos de crédito que se conceden no artigo anterior xestionaranse atendendo ao réxime de vinculación dos créditos establecidos no artigo 9. tres.4 da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2015.

**Artigo 14. Financiamento.**

Os créditos extraordinarios que se conceden mediante este real decreto lei no orzamento dos ministerios do Interior, de Fomento, de Industria, Enerxía e Turismo, de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e na sección relativa a «Outras relacións financeiras con entes territoriais» financiaranse con débeda pública.

Os suplementos de crédito que se conceden no presente real decreto lei no orzamento dos ministerios de Facenda e Administracións Públicas, de Educación, Cultura e Deporte e de Economía e Competitividade financiaranse con débeda pública.

O suplemento de crédito que se concede no orzamento do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais financiarase co suplemento de crédito que se concede no orzamento do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Os créditos extraordinarios que se conceden nos orzamentos das confederacións hidrográficas do Xúcar e do Segura financiaranse cos créditos extraordinarios que se conceden no orzamento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

## CAPÍTULO III

**Medidas tributarias****Artigo 15. Modificación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.**

Con efectos desde o 1 xaneiro de 2013, engádese unha nova disposición adicional cuadraxésimo cuarta na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional cuadraxésimo cuarta. *Regras especiais de cuantificación de rendas derivadas de débeda subordinada ou de participacións preferentes.*

1. Os contribuíntes que perciban compensacións a partir do 1 de xaneiro de 2013 como consecuencia de acordos celebrados coas entidades emisoras de valores de débeda subordinada ou de participacións preferentes emitidas nas condicións establecidas na disposición adicional segunda da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, poderán optar por aplicar ás ditas compensacións e ás rendas positivas ou negativas que, de ser o caso, se xerasen con anterioridade derivadas da recompra e subscrición ou troca por outros valores, así como ás rendas obtidas na transmisión destes últimos, o tratamento que proceda conforme as normas xerais deste imposto, coas especialidades previstas no número 2 desta disposición adicional, ou o seguinte tratamento fiscal:

a) No exercicio en que se perciban as compensacións derivadas do acordo a que se refire o parágrafo anterior computarase como rendemento do capital mobiliario a diferenza entre a compensación percibida e o investimento inicialmente realizado. Para estes efectos, a citada compensación incrementarase nas cantidades que se obtivesen previamente pola transmisión dos valores recibidos. En caso de que os valores recibidos na troca non se transmitisen previamente ou non se entregasen con motivo do acordo, a citada compensación incrementarase na valoración dos ditos valores que se tivese en conta para a cuantificación da compensación.

b) Non terán efectos tributarios a recompra e subscrición ou troca por outros valores, nin a transmisión destes últimos realizada antes ou con motivo do acordo, e deberase practicar, de ser o caso, autoliquidación complementaria sen sanción, nin xuros de demora, nin recarga ningunha no prazo comprendido entre a data do acordo

e os tres meses seguintes á finalización do prazo de presentación da autoliquidación na cal se imputen as compensacións a que se refire a alínea a) anterior.

En caso de que o prazo de presentación da autoliquidación a que se refire o parágrafo anterior finalizase con anterioridade á data de entrada en vigor do Real decreto lei 6/2015, a autoliquidación complementaria deberase practicar, de ser o caso, no prazo de tres meses desde a citada data.

2. Os contribuíntes que perciban en 2013 ou en 2014 as compensacións previstas no número 1 desta disposición adicional e apliquen as normas xerais do imposto poderán minorar o rendemento do capital mobiliario derivado da compensación percibida na parte do saldo negativo a que se refire a alínea b) do artigo 48 desta lei, na súa redacción en vigor en 31 de decembro de 2014, que proceda de perdas patrimoniais derivadas da transmisión de accións recibidas polas operacións de recompra e subscripción ou troca que non puidese ter sido obxecto de compensación na base imponible xeral conforme o segundo parágrafo da citada alínea b). O importe da dita minoración reducirá o saldo pendente de compensar en exercicios seguintes.

3. En todo caso, entenderanse correctamente realizadas as retencións efectivamente practicadas con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 6/2015 sobre as compensacións a que se refire o número 1 desta disposición adicional.

4. Os titulares de débeda subordinada ou participacións preferentes cuxos contratos fosen declarados nulos mediante sentenza xudicial, que consignasen os rendementos destas na súa autoliquidación correspondente ao imposto sobre a renda das persoas físicas, poderán solicitar a rectificación das ditas autoliquidacións e solicitar e, de ser o caso, obter a devolución de ingresos indebidos, aínda que prescribise o dereito a solicitar a devolución.

Cando prescribise o dereito a solicitar a devolución, a rectificación da autoliquidación a que se refire o parágrafo anterior só afectará os rendementos da débeda subordinada e das participacións preferentes, e as retencións que se puidesen ter practicado por tales rendementos.

5. Para efectos da aplicación do previsto nesta disposición adicional, o contribuínte deberá presentar un formulario que permita identificar as autoliquidacións afectadas, que estará dispoñible para tal efecto na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria».

**Disposición adicional primeira.** *Concesión directa de axudas extraordinarias á amortización de longametraxes estreadas en 2012.*

1. De acordo co disposto no artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, con carácter excepcional e no marco da reforma do sistema de axudas á cinematografía contido nesta lei, concédenselles axudas por importe de 5.177.068 euros ás empresas produtoras beneficiarias de axudas para a amortización de longametraxes estreadas en 2012, ao abeiro da convocatoria aprobada pola Resolución do 18 de setembro de 2014, da Dirección Xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, pola cal se convocan axudas á amortización de longametraxes.

2. As entidades beneficiarias disporán de dous meses a partir da entrada en vigor deste real decreto lei para solicitaren estas axudas ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.

3. Mediante resolución da directora xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais concretarase o importe da axuda compensatoria correspondente a cada beneficiario, que se calculará mediante a aplicación da porcentaxe do 12,98 á axuda concedida no seu momento. Estas axudas de carácter extraordinario aboaranse con cargo aos créditos que se habiliten para este fin na aplicación orzamentaria 18.103.470, «Fondo de Protección á Cinematografía», do programa 335C, «Cinematografía», do orzamento de gastos do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais para o ano 2015.



**Disposición adicional segunda.** *Réxime de contratación.*

1. As actuacións realizadas ou que deban levar a cabo os departamentos ministeriais e entidades que integran o sector público estatal competentes para evitar ou reparar os danos producidos polo accidente e posterior afundimento do buque «Oleg Naydenov» poderanse tramitar polo procedemento de emerxencia previsto no artigo 113 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

2. Poderán ter a consideración de obras, servizos ou subministracións de emerxencia, logo do correspondente acordo do órgano de contratación, cumprindo os requisitos do artigo 113 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, os contratos de reparación ou mantemento de infraestruturas, equipamentos ou servizos, así como as obras de reposición de bens que deriven das actuacións relacionadas coa seca ás cales se refire este real decreto lei.

**Disposición adicional terceira.** *Regra excepcional e temporal sobre a cesión de dereitos ao uso privativo de augas na Demarcación Hidrográfica do Segura.*

Con carácter excepcional e temporalmente limitado ata o 31 de decembro de 2015, poderanse autorizar contratos de cesión de dereitos ao uso privativo das augas, entre concesionarios da bacía do Segura, nos cales o volume susceptible de cesión sexa igual ao volume concedido ao titular que cede o seu dereito. Non será de aplicación a limitación establecida no artigo 69 do Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo cal se aproba o texto refundido da Lei de augas».

**Disposición transitoria única.** *Réxime transitorio das axudas para a amortización de longametraxes.*

1. As axudas xerais para a produción de longametraxes sobre proxecto irán substituíndo progresivamente as axudas á amortización de longametraxes na dotación das diferentes liñas de axuda financiadas polo Fondo de Protección á Cinematografía e ao Audiovisual.

2. No ano 2015 convocaranse axudas á amortización das longametraxes estreadas en 2013. Nos anos 2016, 2017 e 2018, ademais da convocatoria das axudas xerais previstas na nova redacción do artigo 26 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais convocará axudas á amortización ás cales unicamente se poderán acoller as longametraxes cinematográficas cuxa rodaxe se iniciase con anterioridade á primeira convocatoria das axudas xerais e sempre que a súa estrea se produza antes do 31 de decembro de 2016.

Para estes efectos, estas convocatorias de axudas para a amortización de longametraxes rexeranse durante este período polo texto do artigo 26 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, na súa redacción anterior á aprobada por esta lei, así como polo seu desenvolvemento regulamentario, que comprende as seguintes normas:

a) Real decreto 2062/2008, do 12 de decembro, polo cal se desenvolve a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema. Artigos: 20.1 b), 20.3, 21, 22.5, 34.3 e 34.4.

b) Orde CUL/2834/2009, do 19 de outubro, pola cal se ditan normas de aplicación do Real decreto 2062/2008, do 12 de decembro, polo cal se desenvolve a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, nas materias de recoñecemento do custo dunha película e investimento do produtor, establecemento das bases reguladoras das axudas estatais e estrutura do Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais. Artigos: 10.1 g), 56 a 61, ambos incluídos, e 103.1.

c) Orde CUL/1772/2011, do 21 de xuño, pola que se establecen os procedementos para o cómputo de espectadores das películas cinematográficas, así como as obrigas, os requisitos e as funcionalidades técnicas dos programas informáticos para efectos do control de asistencia e rendemento das obras cinematográficas nas salas de exhibición. Artigos: 1.2; 2 e 7 a 17.

3. As axudas xerais para a produción de longametraxes sobre proxecto e as axudas á amortización de longametraxes son incompatibles.

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación da disposición adicional décimo oitava da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015.*

Modifícase a disposición adicional décimo oitava da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, que queda redactada nos seguintes termos:

«Décimo oitava. *Cobertura das necesidades de persoal docente dos centros universitarios da defensa.*

Respectando en todo caso as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I do correspondente orzamento de gastos, as limitacións contidas no artigo 21 desta lei non resultarán de aplicación aos centros universitarios da defensa no que se refire ao persoal docente, en canto se culmina o proceso de implantación das titulacións universitarias que se imparten en tales centros.

Para tal fin, autorízase no ano 2015 a convocatoria, nos citados centros, dun total de 73 prazas de persoal docente dos dous primeiros cursos do título de grao, de acordo coa modalidade prevista no artigo 52 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Así mesmo, os centros universitarios da defensa poderán proceder á contratación temporal de persoal docente, conforme as modalidades previstas nos artigos 49, 50, 53 e 54 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, con respecto ás previsións que se conteñan, tanto nesta lei coma nas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado, sobre a contratación de persoal temporal.»

**Disposición derradeira segunda.** *Desenvolvemento regulamentario.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei o Goberno aprobará as modificacións normativas necesarias para proceder á convocatoria das axudas xerais para a produción de longametraxes sobre proxecto.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de maio de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY